

04

Arturo Casas, Isaac Lourido e Cristina Martínez Tejero (eds.), *Xoán González-Millán. A proxección de um pensamento crítico*, Santiago de Compostela, Através Editora, 2023, 182 páxinas.

Ánxela Lema París
Universidade da Coruña

Orcid 0000-0002-0690-7864. anxela.lema@udc.es. Universidade da Coruña. España.

Lembrar, botar a vista atrás, sen idealizar ou romantizar pode resultar unha tarefa difícil en calquera ámbito da vida. Tomar distancia das cousas ofrécenos maior obxectividade, si, mais tamén pode recaer nun proceso de quitarlle ferro a aquilo que sabemos complexo, complicado, porque os afectos que nos removían xa non os sentimos na pel e preferimos non rememoralos. Xa que logo, encontrar un equilibrio entre o que foi, cos seus claros e escuros, e contalo desde a maior honestidade resulta, certamente, tarefa complexa. No entanto, podería dicirse que esta misión se conseguiu no volume *Xoán González-Millán. A projeção de um pensamento crítico* editado por Arturo Casas, Isaac Lourido e Cristina Martínez e publicado en Através Editora.

Trátase dunha compilación de sete traballos que procuran abrir un diálogo renovado sobre o pensamento de González-Millán, vinte anos despois do seu repentino falecemento nun accidente de tráfico nos Estados Unidos, co obxectivo de reivindicar a relevancia da súa contribución aos estudos galegos, cuxa influencia chega até a actualidade. Así, ofrécese unha visión ampla e crítica do seu pensamento con que identificar posíbeis ocos e novas vías de interpretación da súa obra adaptadas a uns tempos actuais ben diferentes aos das súas investigacións.

Neste sentido, no propio limiar das persoas editoras, confésase a dificultade de reconstruír unha traxectoria tan ampla e plural como a de González-Millán, ao tempo que se aclara que se ben os seus estudos *Literatura e sociedade en Galicia (1975-1990)* (1994) e *A narrativa galega actual (1975-1984)*. *Unha historia actual* (1995) son amplamente coñecidos, apenas constitúen “a cara mais visíbel e mais accesíbel de um ciclo de investigação mais alargado e frutífero” (p. 13) dedicado, tal como indican, “á construção de um modelo de análise institucional para a abordagem sócio-histórica das produções textuais e das condições sistémicas em que se desenvolveu a literatura galega no quadro político-administrativo configurado despois do franquismo” (p. 13).

Xa que logo, o ensaio servirá tanto para un público xeral descoñecedor en profundidade do legado de González-Millán, como para aquel máis experto que procura achegarse ao seu pensamento desde ópticas renovadas e críticas que intentan rescatar a valía da súa investigación e adaptala ás características actuais do sistema literario galego.

A primeira das achegas vén da man da profesora Helena González, quen decide centrarse nunha revisión feminista do ensaio *Resistencia cultural e diferencia histórica: a experiencia da subalternidade* (2000), que beberá das teorías de autoras como Diana Fuss a quen fai unha chiscadela de ollos no propio título do seu capítulo convidándonos a lermos como feministas a obra de González-Millán. Así pois, na súa relectura, González destaca a notábel ausencia de nomes e conceptos dos estudos de xénero e da sexualidade, algo certamente rechamante para quen dedicou tantos anos a traballar ao redor de conceptos como subalternidade, por exemplo. González-Millán, se ben se manifestou sempre en contra da homoxenización, feito que o podería aproximar do lado das teorías feministas que cruzan sistema sexo-xénero e raza, consideraba, ao contrario, que a multiplicación de experiencias emancipatorias marcadas polo diferencialismo identitario apenas serían un obstáculo para conseguiren o poder político. González, por tanto, deita luz sobre as contradicións que se poden encontrar nos estudos de quen sabía das teorías feministas mais cuxa aproximación, quizais froito do momento, se realizaba desde a desconfianza de que podería traducirse nunha perda do obxectivo principal político que perseguía.

A seguir, o profesor Álex Alonso Nogueira céntrase nos conceptos *discurso*, *hegemonia* e *linguagem* na obra do profesor homenaxeado apuntando que é o primeiro destes conceptos teóricos “a pedra mestra que marca uma viragem na sua trajetória” (p. 47). Nel abre unha porta a entendermos a literatura como un sistema diná-

mico que vai máis alá do textual. Alén disto, convídanos a abandonar a liña filolóxica positivista presente até o momento, xa que non conseguía dar conta da complexidade dun sistema literario, o galego, en que historia, política, cultura, sociedade e literatura se cruzan da maneira constante e ofrecen discursos que trascenden o propio texto. Trátase, por tanto, dun asunto ao que cumpría, e cómpre, atender. O contrario traduciríase nunha análise de calquera literatura, coas mesmas ferramentas, sen atender a toda a rede de significancias que rodean a propia produción e circulación textuais ás cales, desde logo, as obras xamais resultan alleas.

O terceiro dos estudos asíno Arturo Casas e nel indaga sobre as fontes teóricas e críticas que artellaron o labor investigador de González-Millán, concretamente no referente a aquel concentrado entre finais dos 80 e comezos do século XXI. Desta maneira, realiza unha exposición das principais figuras que influíron no seu pensamento, tales como Itamar Even-Zohar, Craig Calhoun, Jacques Dubois ou Pierre Bourdieu e como as súas teorías se reflecten, incorporan e revisan nos seus diferentes traballos.

No ecuador deste libro encóntrase o capítulo de María Liñeira. A autora ocúpase de explicar a incongruencias entre a teoría e a práctica de González-Millán, a quen define como “un dos mestres indiscutíbeis dos Estudos Galegos contemporâneos” (p. 99). Concretamente, céntrase na retocada imaxe que ofrece sobre a ideoloxía e as prácticas lingüísticas da figura de Luís Seoane, quen abandonou o criterio filolóxico no exilio republicano galego, un asunto amplamente analizado polo profesor. Liñeira sinala como se neutralizou o proxecto do exilio e non se analizou como se debía a complexidade e casuística particular dun territorio en que as dinámicas eran ben diferentes ás que se daban no territorio galego. Así, omitiuse a existencia de galeguistas como Seoane, cunha ideoloxía bilingüe, por considerar que entraría en conflito coa idea de nación e cultura que se pretendía impulsar na historia da literatura galega. Tal como se expón neste capítulo, os motivos que poderían mover Seoane ou Dieste a este tipo de posicións lingüísticas non respondían ao binarismo fóra/dentro do proxecto galeguista como quizais se propuña desde a Galiza. Ben ao contrario, nese momento e desde a diáspora, defendían estas prácticas para conectaren cunha comunidade galega que rexeitaba unha lingua que eles, en calquera caso, non deixaron de sentir como elemento identario de primeira orde, mais que decidiron empregar, quizais, cunhas estratexias diferentes das exixidas polo nacionalismo metodolóxico.

No seguinte traballo, Pablo Pesado rescata o artigo de González-Millán publicado no *Anuario de Estudios Literarios Galegos* no ano 95 dedicado ao nacionalismo literario e que abriu o debate sobre aquilo que debería ser a literatura galega unha vez terminado o franquismo: ben unha literatura con compromiso nacionalista, ben unha literatura discursivamente complexa que implicaría unha despolitización. Xa que logo, o concepto que o profesor lanzou nese momento resultou do máis útil, se ben o propio Pesado se sorprende do éxito que o concepto espertou en comparación a moitas outras achegas teóricas que ofrecera. En calquera caso, a través do percurso ofrecido por esta terminoloxía no pensamento de González-Millán, o autor remata colocando a pregunta de se é posíbel falar en termos de literatura nacional ou nacionalista sen atender a influencia, convivencia, así como o inevitábel e consecuente hibridismo que se xera, do español na literatura galega. Lanza, por tanto, diferentes preguntas ao longo do seu capítulo que, sen dúbida, axudan a traer o pensamento do profesor á actualidade e abre novos retos nos estudos literarios galegos.

Isaac Lourido, o responsábel do penúltimo traballo deste libro, reconstrúe os traballos de González-Millán ao redor do “mundo editorial” galego no período pos-franquista ao tempo que os analiza criticamente e pregunta se o seu modelo de análise resulta válido actualmente ou se, polo contrario, se precisan novas perspectivas teóricas e metodolóxicas. Neste sentido, destaca o “referente incontornábel e até certo punto fundacional” (p. 142) que supón a obra de González-Millán nestas cuestións e considera importante incorporar a este seu modelo o paradigma da cultura da normalización. Segundo o seu punto de vista, este adquire natureza hexemónica no salto do século XX ao XXI cando unha parte do nacionalismo cultural abandona as súas posturas anti-institucionais e se dilúe como forza, como posición antagónica clara. Isto último provocou, entre outras

cuestións, que actualmente a literatura perdese relevancia como discurso social, cuestión que cómpre atender, tal como indica Lourido.

Encerra o libro o contributo da profesora María do Cebreiro Rábade Vilar. A autora decide recoller o ton afectivo presente no resto dos capítulos do libro, e, no seu caso, comparte como foi a súa relación co profesor González-Millán, tanto laboral como máis persoal, a partir da estadía que realizara na universidade de Nova York en que el traballaba. Así, recoñece a influencia que o seu pensamento provocou nela tanto nas súas aulas como no seu labor investigador e remata escribíndolle unha carta contándolle como se encontra e como, en moitas ocasións ao visitar a capital americana, pensou nel.

Con todo, por se este percurso non for o suficientemente valioso e enriquecedor, Casas, Lourido e Martínez tiveron a ben incluíren unha sección final en que se recolle unha listaxe bibliográfica que reúne e clasifica a produción do homenaxeado neste libro, representando a que sería a relación máis completa existente até o de agora. Un esforzo, este tamén, por que as persoas que nos dedicamos aos estudos galegos deberíamos estar moi agradecidas.

Encontrámonos, por tanto, perante un libro do máis interesante e útil non só para a comunidade académica, senón para toda persoa interesada na crítica literaria como ferramenta de análise social e cultural. Así, como comentaba no inicio, destacaría a capacidade honesta e transparente de conectar pasado e presente e de ofrecer unha plataforma para continuar un diálogo crítico e san iniciado por González-Millán desde un lugar que recoñece, analiza e abraza as súas incongruencias como fonte de aprendizaxe e nunca como crítica destrutiva de quen procura facer do seu legado un tema vivo para as novas xeracións.



<https://revistas.udc.es/index.php/rgf>

Edita

Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña,
co patrocinio de ILLA (Grupo de Investigación Lingüística
e Literaria Galega)

Dirección

Teresa López, Universidade da Coruña (España)
Xosé Manuel Sánchez Rei, Universidade da Coruña (España)

Secretaría

Diego Rivadulla Costa, Universidade da Coruña (España)

Consello de Redacción

Ana Bela Simões de Almeida, University of Liverpool (Reino Unido)
Pere Comellas Casanova, Universitat de Barcelona (España)
Iolanda Galanes, Universidade de Vigo (España)
Leticia Eirín García, Universidade da Coruña (España)
Carlinda Fragale Pate Núñez, Universidade Estadual do Rio de Janeiro (Brasil)
Xavier Varela Barreiro, Universidade de Santiago de Compostela (España)
Xaquín Núñez Sabarís, Universidade do Minho (Portugal)

Comité asesor

Ana Acuña, Universidade de Vigo (España)
Olga Castro, University of Warwick (Reino Unido)
Regina Dalcastagnè, Universidade de Brasília (Brasil)
Manuel Fernández Ferreiro, Universidade da Coruña (España)
Roberto Francavilla, Università degli studi di Genova (Italia)
Ana Garrido, Uniwersytet Warszawski (Polonia)
José Luiz Fiorin, Universidade de São Paulo (Brasil)
Xoán Luís López Viñas, Universidade da Coruña (España)
Xoán Carlos Lagares, Universidade Federal Fluminense de Niterói (Brasil)
Sandra Pérez López, Universidade de Brasília (Brasil)
Maria Olinda Rodrigues Santana, Universidade de Trás-Os-Montes
e Alto Douro (Portugal)

Comité científico

Silvia Bermúdez, University of California, Santa Barbara (Estados Unidos)
Evanildo Bechara, Universidade Federal do Rio de Janeiro (Brasil)
Ângela Correia, Universidade de Lisboa (Portugal)
Carme Fernández Pérez-Sanjulián, Universidade da Coruña (España)
Manuel Ferreiro, Universidade da Coruña (España)
Maria Filipowicz, Uniwersytet Jagiellonski (Polonia)
Xosé Ramón Freixeiro Mato, Universidade da Coruña (España)
María Pilar García Negro, Universidade da Coruña (España)
Helena González Fernández, Universidade de Barcelona (España)
Xavier Gómez Guinovart, Universidade de Vigo (España)
Pär Larson, CNR - Opera del Vocabolario Italiano, Florencia (Italia)
Ana Maria Martins, Universidade de Lisboa (Portugal)
Kathleen March, University of Maine (Estados Unidos)
Mária Aldina Marques, Universidade do Minho (Portugal)
Inocência Mata, Universidade de Lisboa (Portugal)
Juan Carlos Moreno Cabrera, Universidad Autónoma de Madrid (España)
Andrés Pociña, Universidade de Granada (España)
Eunice Ribeiro, Universidade do Minho (Portugal)
José Luís Rodríguez, Universidade de Santiago de Compostela (España)
Marta Segarra, CNRS (Francia) / Universitat de Barcelona (España)
Sebastià Serrano, Universitat de Barcelona (España)
Ataliba T. de Castilho, Universidade de São Paulo (Brasil)
Telmo Verdelho, Universidade de Aveiro (Portugal)
Mário Vilela, Universidade do Porto (Portugal)
Roger Wright, University of Liverpool (Reino Unido)

Cadro de honra

Álvaro Porto Dapena (1940-2018), Universidade da Coruña (España)
José Luis Pensado (1924-2000), Universidade de Salamanca (España)
Rafael Lluís Ninyoles (1943-2019), Conselleria de Educació i Ciència,
Generalitat Valenciana (España)



Depósito legal/ C584/2000
ISSN/ 1576-2661
ISSN-e 2444-9121
Deseño/ Novagarda